



Orixe:

Sección de Benestar Social e Igualdade
Deputación de Lugo
Praza San Marcos 8
27001- Lugo
Lugo

Asunto :

Informe da execución do contrato de prestacións a persoas maiores no
centro de atención a persoas maiores de Ribadeo. Lote-2
EXP0033SE18ABO

Destino:


Sr. Fernando Suárez Barcia
Sr. Alcalde -Presidente do Concello de Ribadeo
Praza de España 1
27700- Ribadeo
Lugo

Achégase informe relativo ao desenvolvemento actual da execución do contrato administrativo das prestacións a persoas maiores no centro de atención a persoas maiores de Ribadeo, lote 2-CAM Ribadeo, EXP0033SE18-ABO solicitado o 17.07.2019 por parte do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Ribadeo.

Aproveitando a ocasión, para pedir na medida do posible a quen corresponda, precaución e cautela coas afirmacións que se poidan manifestar por diversos medios, xa que estes rumores ou manifestacións erróneas ou imprecisas, xeran sensación de desprotección ás persoas usuarias e a súas familias. Lembrar que estamos a falar dun colectivo oí sensible ao cal hai que pedir o máximo respecto. Por elo, considérase de máxima importancia e responsabilidade social, tratar de parar esta rumoroloxía, co seu conseguinte "efecto bola de neve", xa que só vai en contra dos intereses das persoas usuarias e das profesionais traballadoras do Centro.

A xefa de Benestar Social e Igualdade. Asinado dixitalmente

Código Seguro de Verificación	IV6QSDDTBF7MWT5Z7UUBKQHUGM	Fecha y Hora	18/07/2019 11:26:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	SILVIA GARCÍA LÓPEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV6QSDDTBF7MWT5Z7UUBKQHUGM	Página	1/4





Silvia García López, xefa de Benestar Social e Igualdade da Deputación de Lugo en calidade de responsable do contrato administrativo das prestacións no centro de atención a persoas maiores de Ribadeo, lote 2-CAM Ribadeo, EXP0033SE18-ABO, cuxa contratista é Clece, S.A., e a vista da solicitude de información relativa ao desenvolvemento actual da execución do citado contrato administrativo de servizos realizada o 17.07.2019 por parte do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Ribadeo, na cal manifestábase que derivada da información publicada nos medios de comunicación, así como, da convocatoria urxente da Xunta de Portavoces do Concello de Ribadeo, por parte do Partido Popular, solicítase que se dera conta das seguintes cuestións:

“(...) 1. Si hubo que acompañar a algún residente a un centro hospitalario por non contar con un familiar dispoñible? De ser así, si a traballadora que o acompañou conta coa debida titulación, si é que fixese falta para esa tarefa de acompañamento?

2. Sabemos que dúas traballadoras da empresa xa non están no centro. Foron debidamente substituídas?

3. Cúmprese a ratio usuario/persoal?

(...)”

Primeiro: En relación a se houbo que acompañar a algún residente a un centro hospitalario por non contar con un familiar dispoñible, e de ser así, si a traballadora que o acompañou conta coa debida titulación, si é que fixese falta para esa tarefa de acompañamento, exponse o seguinte:

En primeiro lugar débese diferenciar os diferentes *tipos de traslados hospitalarios*: traslado por unha *cita hospitalaria programada* ou traslado por unha *urxencia médica hospitalaria*. Así se o traslado é para acudir a unha *cita hospitalaria programada*, segundo establecen os pregos de prescricións técnicas (en adiante PPT) reguladores do citado contrato EXP0033SE18-ABO, é a adxudicataria a que deberá efectuar o traslado e acompañamento das persoas usuarias do servizo de atención residencial, que polas súas circunstancias persoais, familiares ou carentes de rede de apoio necesiten do mesmo, aos centros sanitarios dentro do municipio, así como, ás consultas hospitalarias programadas, revisións, exploracións e controis fora do municipio dependentes do Servizo Galego de Saúde, sen prexuízo de utilizar os medios e recursos do Sistema de Saúde que corresponda, ou do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal. Se o traslado é debido a unha *urxencia médica hospitalaria*, correspóndelle ao SERGAS, a través da mobilización do 061, e en aplicación do protocolo elaborado por esta institución provincial se procede ao contacto coa familia para notificar a situación, tendo que ser acompañada a persoa coa urxencia sanitaria por parte de persoal do centro.

En segundo lugar e no relativo as *titulacións do persoal* que debe realizar os acompañamentos salienta que non se consta ningunha normativa que estableza as mesmas. Consultada a administración competente en lexislar en materia de servizos sociais, esta non remite a ningunha normativa, por non existir. En todo caso, e por comparativa, sinala que os protocolos do Consorcio Galego de Benestar (segundo o referido nas Guías metodolóxicas de actuación da xerencia adxunta da Área do Benestar Departamento de Xerontoloxía) nas súas residencias (tanto de xestión propia coma de concesión de servizos) non se establece ningún tipo de acompañamento, facendo soamente mención á preparación documentación e información á familia, *non constando ningún tipo de acompañamento*.

En todo caso, pódese acudir á Resolución do 13 de marzo de 2018, da Secretaría Xeral de Emprego, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación no Diario Oficial de Galicia do IV Convenio colectivo de residencias privadas da terceira idade de Galicia (DOG núm. 70 do 11.04.2018), que rexe a contratación do persoal da adxudicataria. Na mesma recóllese como función de persoal do Grupo E (non sendo esixible a este grupo estar en posesión de ningunha titulación prevista no sistema educativo), ter ao seu cargo o traslado dos residentes, tanto dentro da institución coma nos servizos de ambulancias, autobuses etc.

Código Seguro de Verificación	IV6QSDDTBF7MWT5Z7UUBKQHUGM	Fecha y Hora	18/07/2019 11:26:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	SILVIA GARCÍA LÓPEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV6QSDDTBF7MWT5Z7UUBKQHUGM	Página	2/4





Ase mesmo, no VII Convenio Colectivo marco estatal de servizos de atención as persoas dependentes e desenvolvemento da autonomía persoal (BOE núm. 229, do 21.09.2018), no artigo 17 funcións do Grupo IV Persoal Auxiliar xerocultor, indica que este perfil profesional realizará o acompañamento ás persoas usuarias a actividades programadas.

Unha vez exposto o anterior pásase a relacionar os diferentes traslados realizados ata a data da solicitude:

DATA	PERSOA USUARIA	TRASLADO HOSPITALARIO	TRANSPORTE	PERSOA ACOMPAÑANTE
17.06.2019	MCDLL, autónoma	Chámase ao PAC que deriva a Urgencias Hospitalarias do Hospital Público da Mariña á usuaria	Ambulancia 061	Acompaña unha traballadora de Clece S.A. da área de formación básica e instrumental (NP, xerocultora) ata a chegada da familia.
23.06.2019	JMP, dependente	Chámase ao PAC que deriva a Urgencias Hospitalarias do Hospital Público da Mariña á usuaria	Ambulancia 061	Acompaña unha traballadora de Clece S.A. da área de servizos xerais (M, servizo de limpeza) ata a chegada da familia.
26.06.2019	JMP, dependente	Chámase ao PAC que deriva a Urgencias Hospitalarias do Hospital Público da Mariña á usuaria	Ambulancia 061	O marido da usuaria, EFB (persoa usuaria con autonomía) e unha traballadora de Clece S.A., (M, servizo de limpeza) ata a chegada da familia.
15.07.2019	EFB, autónoma	Consulta programada ás 12.50 h no Hospital Público da Mariña	Taxi	Acompaña unha traballadora de Clece S.A. da área de formación básica e instrumental (P, xerocultora).
16.07.2019	TRF, dependente	Urxencias PAC, e Hospital Público da Mariña	Ambulancia 061	Do CAM ao PAC é acompañada dunha traballadora de Clece S.A. da área de formación básica e instrumental (BC, xerocultora), ata a chegada da familia. Do PAC ao Hospital acompaña a familia
18.07.2019	EFB, autónoma	Consulta programada ás 12.15 h no Hospital Público da Mariña	Taxi	Acompaña unha traballadora de Clece S.A. da área de formación básica e instrumental (AG, xerocultora).
18.07.2019	MFJ, autónoma	Consulta programada ás 15.45 h no Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA)	Taxi	Acompaña unha traballadora de Clece S.A. da área de formación básica e instrumental (B, xerocultora).

En conclusión, non existe ningunha titulación específica para as persoas que deben acompañar nos traslados hospitalarios as persoas usuarias do servizo de atención residencial, para mais abastanza pódese acudir ao IV Convenio colectivo de residencias privadas da terceira idade de Galicia, xa que no mesmo se establece como funcións do persoal do grupo E, ter ao seu cargo o traslado dos residentes, tanto dentro da institución coma nos servizos de ambulancias, autobuses etc., lembrando que non se require estar en posesión de ningunha titulación prevista no sistema educativo, nin ningún outra titulación específica para ser persoal do grupo E. En todo caso, notar que a Xunta de Galicia, nos seus propios centros dependentes do Consorcio Galego de Benestar, non conta con protocolos de acompañamentos para os citados traslados, e polo tanto, non regulan o acompañamento aos residente, soamente a preparación da documentación e información á familia, non constando ningún tipo de acompañamento.

Por todo elo, pódese concluír que nos citados traslados cumpriuse a normativa, sendo se cabe mais proteccionistas coas persoas usuarias, en aplicación dos PPT e protocolos elaborados dende a Deputación de Lugo, que recollen en todo momento o acompañamento por parte de persoal do centro (aínda non sendo esixido por ningunha normativa) co obxectivo de velar pola calidade do servizo e a seguridade e o benestar da persoa usuaria, aspecto polo que se traballa e sendo a máxima prioridade.

Segundo: En relación se as dúas traballadoras da empresa que xa non están no centro foron debidamente substituídas, exponse o seguinte:

O 08.07.2019 se ten coñecemento de que dúas traballadoras da área de formación básica e instrumental causan baixa, en concreto dous xerocultoras: unha de maneira voluntaria e outra por decisión da adxudicataria. Esas dúas traballadoras ata ese momento estaban cubrindo cada unha delas unha xornada de 40 horas semanais. A adxudicataria deu cobertura as xornadas laborais de sendas traballadoras, quedando as horas de prestacións da área

Código Seguro de Verificación	IV6QSDDTBF7MWT5Z7UUBKQHUGM	Fecha y Hora	18/07/2019 11:26:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	SILVIA GARCÍA LÓPEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV6QSDDTBF7MWT5Z7UUBKQHUGM	Página	3/4





de formación básica e instrumental plenamente compensadas mediante a contratación doutras dous xerocultoras a xornada completa de 40 horas semanais.

En conclusión, as traballadoras que causaron baixa foron debidamente substituídas por persoal coa titulación requirida e coa mesma xornada laboral.

Terceiro: En relación se se cumpre a ratio usuario/persoal, exponse o seguinte:

As ratios en atención directa régúlese actualmente na Orden do 18 de abril de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores da Consellería de Sanidade e Asuntos Sociais da la Xunta de Galicia (DOG núm. 88, do 06.05.1996), a cal establece as ratios de persoal mínimos de atención directa, en concreto establece que a cociente mínima de persoal de atención directa en réxime de xornada completa será de 0,20 por usuario en módulos destinados á atención de persoas con autonomía e de 0,35 en módulos destinados a persoas dependentes. Para estes efectos entenderase por atención directa a realizada tanto por persoal xerocultor como sanitario.

A efectos de dar cumprimento á citada a Orden do 18 de abril de 1996, terase en conta que a Deputación de Lugo achega propios medios (artigo 30.3 da Lei de Contratos do Sector Público) cuantificándose no seu conxunto cunha ratio de 1,86 en atención directa. A adxudicataria, neste caso Clece S.A., deberá achegar o resto de persoal para dar cobertura as obrigas de atención directa.

O Centro de Atención a Persoas Maiores de Ribadeo conta na actualidade cunha capacidade de 48 prazas mais dous de enfermaría, estando clasificada a mesma como miniresidencia. A 17.07.2019 conta con 26 persoas usuarias, das cales neste intre 18 están avaliadas como dependentes e 8 como autónomas, en función do grao de autonomía no desenvolvemento das actividades básicas da vida diaria (avaliación segundo a Escala de Barthel, tal e como establece o protocolo da Inspección de Servizos Sociais sobre os Centros de Maiores, Discapacidade e Dependencia da Comunidade Autónoma de Galicia e na Ordenanza para o acceso ao servizo de Atención ás Persoas Maiores do Concello de Ribadeo <BOP Lugo núm. 252 do 03.11.2018 >), tal e como consta na resolución da Alcaldía de Ribadeo, na que se lles recoñece o dereito ao acceso ao servizo de atención residencial segundo o establecido na citada Ordenanza para o acceso ao servizo de Atención ás Persoas Maiores do Concello de Ribadeo. A cociente mínima na actualidade, por tanto, é dunha ratio de **7,90**. A adxudicataria conta cunha ratio para dar cobertura a área de formación básica e instrumental (*persoal xerocultor ou sanitario*) de 6,18, aos cales se engaden os 1,86 do persoal da Deputación de Lugo, o que fai un total de **8,04**, estando por enriba da ratio establecida na normativa vixente de aplicación.

Salientar que a ratio de persoal mínimo en atención directa, fai referencia ao persoal profesional designado ao centro para a atención e intervención coas persoas usuarias. Non computan, por tanto, a carga horaria de dedicación a outros encargos, ou persoal sen a titulacións exixidas.

En conclusión, non só se cumpre a ratio mínima establecida na citada Orden do 18 de abril de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores da Consellería de Sanidade e Asuntos Sociais da la Xunta de Galicia, isto é, a cociente mínima de persoal de atención directa, senón que neste momento se está por enriba dos mínimos establecidos.

Isto é o que se informa pola que subscribe, con sometemento ao criterio mellor fundado.

Sen outro particular,

A xefa de Benestar Social e Igualdade da Deputación de Lugo.

Asinado dixitalmente

Código Seguro de Verificación	IV6QSDDTBF7MWT5Z7UUBKQHUGM	Fecha y Hora	18/07/2019 11:26:06
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	SILVIA GARCÍA LÓPEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV6QSDDTBF7MWT5Z7UUBKQHUGM	Página	4/4

